

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE XUSTIZA

- 5950** *Orde JUS/992/2015, do 29 de maio, pola que se modifica a Orde JUS/836/2013, do 7 de maio, pola que se regula o procedemento de notificación das altas, baixas e modificacións de fichas toxicolóxicas ao Rexistro de Produtos Químicos do Servizo de Información Toxicolóxica do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses e de liquidación da taxa prevista na Lei 10/2012, do 20 de novembro, pola que se regulan determinadas taxas no ámbito da Administración de xustiza e do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses.*

A Orde JUS/836/2013, do 7 de maio, pola que se regula o procedemento de notificación das altas, baixas e modificacións de fichas toxicolóxicas ao Rexistro de Produtos Químicos do Servizo de Información Toxicolóxica do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses e de liquidación da taxa prevista na Lei 10/2012, do 20 de novembro, pola que se regulan determinadas taxas no ámbito da Administración de xustiza e do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses, estableceu a canle normativa para que os importadores e usuarios intermedios que comercialicen mesturas e substancias clasificadas como perigosas comuniquen a composición e a identidade química a este instituto.

Desta maneira, permíteselles cumprir co establecido no número 1 do artigo 45 do Regulamento (CE) n.º 1272/2008 do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de decembro de 2008, sobre clasificación, etiquetaxe e envasado de substancias e mesturas, e polo que se modifican e derrogan as directivas 67/548/CEE e 1999/45/CE e se modifica o Regulamento (CE) n.º 1907/2006.

As previsións do incremento de empresas e produtos que deben ser notificados ao referido instituto, así como as dificultades encontradas na implementación do procedemento informático necesario para a xestión do elevado número de fichas toxicolóxicas que deben remitir as empresas antes do 1 de xuño de 2015 –data en que resulta obrigado o cumprimento da obrigación de comunicación– xustifican este procedemento transitorio.

A información trasladada á ficha de datos de seguridade e á etiqueta, elaboradas conforme o establecido no Regulamento 453/2010 da Comisión, do 20 de maio de 2010, polo que se modifica o Regulamento (CE) n.º 1907/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, relativo ao rexistro, á avaliación, á autorización e á restrición das substancias e preparados químicos (REACH) e ao título III do Regulamento (CE) N.º 1272/2008 respectivamente, constitúe o marco mínimo común de información necesaria para dar resposta toxicolóxica. Todo iso sen prexuízo de que, co fin de dispor de información adicional que tecnicamente posibilite proporcionar unha formulación de medidas preventivas e curativas máis exhaustiva, cómpre a achega da información complementaria requirida na ficha toxicolóxica.

De aí que, oídas as asociacións de empresas máis representativas do sector, se articule un período transitorio de comunicación ao das fichas toxicolóxicas, que en ningún caso dará lugar á alta dos produtos na base de datos do Servizo de Información Toxicolóxica, aínda que lles permitirá ás empresas cumprir coa normativa de comunicación ao centro antitóxico, sen prexuízo da posterior comunicación, nos prazos que se establecen, a través do procedemento ordinario.

Na súa virtude, por proposta do Ministerio de Xustiza, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación da Orde JUS/836/2013, do 7 de maio, pola que se regula o procedemento de notificación das altas, baixas e modificacións de fichas toxicolóxicas ao Rexistro de Produtos Químicos do Servizo de Información Toxicolóxica do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses e de liquidación da taxa prevista na Lei 10/2012, do 20 de novembro, pola que se regulan determinadas taxas no ámbito da Administración de xustiza e do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses.*

Engádeselle unha disposición transitoria terceira á Orde JUS/836/2013, do 7 de maio, pola que se regula o procedemento de notificación das altas, baixas e modificacións de fichas toxicolóxicas ao Rexistro de Produtos Químicos do Servizo de Información Toxicolóxica do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses e de liquidación da taxa prevista na Lei 10/2012, coa seguinte redacción:

«Disposición transitoria terceira. *Réxime transitorio de comunicación ao Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses.*

1. Establécese un período de comunicación transitorio, ata as datas que se indican no número 3 desta disposición, que afectará exclusivamente a comunicación da alta no Rexistro de Produtos Químicos do Servizo de Información Toxicolóxica das fichas toxicolóxicas previstas no artigo 8.1.a) desta orde, comunicación que se realizará durante ese período seguindo o modelo de comunicación que aprobe o INTCF publicadas na páxina web do portal de Administración de xustiza <https://www.administraciondejusticia.gob.es/>

2. Este período transitorio será aplicable aos importadores e usuarios intermedios que comercialicen mesturas que, en cumprimento do Regulamento (CE) n.º 1272/2008 do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de decembro de 2008, sobre clasificación, etiquetaxe e envasado de substancias e mesturas, e polo que se modifican e derrogan as directivas 67/548/CEE e 1999/45/CE e se modifica o Regulamento (CE) n.º 1907/2006, (en diante, Regulamento CLP), deban notificar a súa composición química ao INTCF por primeira vez antes do 1 de xuño de 2015.

3. As empresas afectadas están obrigadas a realizar, con posterioridade, a alta da ficha toxicolóxica no Rexistro de Produtos Químicos do Servizo de Información Toxicolóxica do INTCF nos prazos seguintes:

a) Antes do 1 de xaneiro de 2016:

1. As mesturas comercializadas para o consumidor que estean clasificadas como perigosas debido aos seus efectos sobre a saúde humana ou aos seus efectos físicos, de conformidade cos criterios de clasificación do Regulamento CLP.

2. As mesturas comercializadas para usos profesionais clasificadas como perigosas, segundo o Regulamento CLP debido aos seus efectos sobre a saúde humana, nas seguintes clases de perigos:

- Toxicidade aguda (oral, dérmica e inhalatoria) categorías 1, 2 e 3 (H300/H301/H310/H311/H330/H331)
 - Toxicidade sistémica: STOT exposición única e repetida, categorías 1 e 2 (H370/H371/H372/H373)
 - Corrosión cutánea ou ocular, categoría 1 (H314/H318)
 - CMR categoría 1A, 1B e 2 (H340/H341/H350/H351/H360/H361).
- Sensibilizantes de pel e respiratorios de categoría 1 (H317/H334).

b) Antes do 1 de xuño de 2017, o resto de mesturas afectadas polo artigo 45 do Regulamento CLP.

4. Non obstante, calquera empresa poderá notificar voluntariamente ao INTCF as mesturas que comercializa a través do procedemento ordinario establecido nesta

orde ministerial para a notificación de altas, baixas e modificacións de fichas toxicolóxicas ao Rexistro de Produtos Químicos do Servizo de Información Toxicolóxica do INTCF independentemente da súa clasificación de perigosidade.

5. A comunicación deberá conter os documentos a que se refire o artigo 8.1 nas súas alíneas b) e c) –a etiqueta e a ficha de datos de seguraza– e non estará suxeita ao pagamento das taxas establecidas na Lei 10/2012, do 20 de novembro, pagamento que se realizará no momento en que se proceda a dar de alta a ficha toxicolóxica seguindo o procedemento ordinario establecido nesta orde ministerial.

6. Este período transitorio non será de aplicación ás empresas que utilicen o teléfono do Servizo de Información Toxicolóxica como teléfono de emerxencias no punto 1.4 das fichas de datos de seguraza, ou o fagan constar nas etiquetas da mestura.»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

A presente orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 29 de maio de 2015.– O ministro de Xustiza, Rafael Catalá Polo.